



*Proxecto de Lei da **Área Metropolitana de Vigo***



**XUNTA
DE GALICIA**

Consello da Xunta, 28 de abril de 2011

O proceso

- ▶ O anteproxecto de Lei aglutina as achegas realizadas nos últimos 10 anos.

▷ Declaración de Soutomaior: 1999 ▷ Declaración de Nigrán: 2000

Proxecto de Lei aprobado no Consello da Xunta o 13 de xaneiro de 2005

- ▶ Últimos 2 anos: un **proceso aberto e participativo** coa idea de presentar un **texto máis moderno e actualizado**:

- ▷ Reunións cos alcaldes e técnicos dos concellos
- ▷ Estudio de viabilidade: Universidade de Vigo
- ▷ Presentacións aos 14 alcaldes e aos axentes económicos e sociais
- ▷ Máis de 250 alegacións, incorporándose ao texto máis da metade
- ▷ **Informes preceptivos**: DX Orzamentos, DX Avaliación, SX Igualdade, Asesoría Xurídica Xeral

Obxectivos

- ▶ **Dar unha resposta específica a unha realidade social e económica metropolitana.**
 - ▷ Medio millón de persoas
 - ▷ Un dos principais polos dinámicos de Galicia
 - ▷ Densidade de poboación case 3 veces superior á media provincial: 637 Hab/QM2
- ▶ **Mellorar a calidade e abaratar o custo dos servizos públicos no cidadán,** en especial os de maior impacto: transporte, ordenación do territorio, auga, servizos sociais..
- ▶ **Contribuír á suficiencia económica** dos Concellos a través dunha maior racionalización do gasto común.
- ▶ **Impulsar un modelo para unha nova organización da estrutura administrativa local** que evite duplicidades e mellore a coordinación entre as administracións existentes.

Características

▶ **A AMV configúrase como unha entidade local territorial.**

- ▶ Mesmas potestades administrativas que os concellos e as deputacións

▶ **O ámbito territorial** ven delimitado polos concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior e Vigo.

- ▶ A D.A. 7ª habilita a incorporación de novos concellos a través de Decreto

▶ **O Concello de Vigo será a capital.**


▶ **A AMV está pensada para gañar en eficacia e eficiencia:** compartindo servizos, mellorando a súa calidade e maximizando os recursos, mediante economías de escala.

Organización

► A Asemblea Metropolitana

- ▶ Integrada por concelleiros dos 14 concellos: Conselleiros Metropolitanos.
- ▶ Cada concello ten un número de Conselleiros que dependerá da súa poboación.
- ▶ Cada Concello escolle aos seus Conselleiros a través dun sistema regulado (D.T. 2ª), baseado no modelo D'Hont

A Asemblea
Metropolitana
en datos



Concello	Representantes	Concello	Representantes
Baiona	2	Pazos de Borbén	1
Cangas	4	O Porriño	3
Fornelos de Montes	1	Redondela	4
Gondomar	2	Salceda de Caselas	1
Moaña	3	Salvaterra do Miño	1
Mos	2	Soutomaior	1
Nigrán	3	Vigo	19
TOTAL: 47 CONSELLEIROS METROPOLITANOS			

Organización

► Presidente/a.

- ▷ É elixido pola Asemblea Metropolitana **por maioría absoluta na primeira votación e simple na segunda.**
- ▷ Unicamente poderán ser candidatos os **Alcaldes/as.**

► A Xunta de Goberno Metropolitana: “Pequena Asemblea de Alcaldes”

- ▷ Está formada polos **14 Alcaldes/as**
- ▷ Cada Alcalde ten **voto ponderado** segundo a representación do Concello.
- ▷ Con **competencias** importantes:
 - Aproba o Proxecto de Orzamento e do Regulamento Orgánico
 - Elixen aos Vicepresidentes/as
 - Elixen ao persoal directivo
 - Concerta operacións de crédito
 - Propón a cantidade fixa de aboamento dos concellos á AMV

Organización

► O Comité de Cooperación

- ▶ Está composto por 1 representante da Área Metropolitana, 1 da Deputación de Pontevedra, e 1 da Xunta de Galicia.

Qué función principal ten?



Garantir a plena coordinación entre administracións



Competencias

- ▶ **Promoción económica e emprego.**
- ▶ **Servizos sociais.**
- ▶ **Turismo e promoción cultural.**
- ▶ **Transporte público de viaxeiros.**
- ▶ **Medio ambiente.**
- ▶ **Xestión de residuos.**
- ▶ **Augas.**
- ▶ **Ordenación territorial e cooperación urbanística.**
- ▶ **Coordinación nas Tecnoloxías de Información e Comunicación: (Nova)**
Resultado das achegas recibidas na fase de alegacións.



Promoción económica e emprego

- ▷ Promoción do **Emprego e Orientación Laboral**.
- ▷ Fomento da **creación de novas empresas**.
- ▷ Identificar e promover **estratexias de apoio ao desenvolvemento socioeconómico** dos municipios que integran o ente.

Elaboración dun Plan Estratéxico Metropolitano

Servizos Sociais

- ▶ Coordinar e xestionar todos os **servizos sociais comunitarios**, tanto os básicos coma os específicos no ámbito do seu territorio.
- ▶ Xestionar, igualmente, os **servizos sociais especializados** que lle sexan transferidos pola Xunta de Galicia de maneira coordinada cos servizos sociais que preste cada un dos Concellos da AMV.



Turismo e Promoción cultural

- ▶ Planificación e xestión dos **programas e proxectos para o impulso e coordinación das iniciativas culturais e turísticas** nos concellos da Área.
- ▶ Articulación de **fórmulas de cooperación** coas entidades e organismos públicos e privados que interveñen como axentes de desenvolvemento dos proxectos.

Transporte público de viaxeiros

- ▶ Ordenación, xestión, planificación, inspección e sanción en materia de servizos de **transporte público urbano** de titularidade dos municipios que integran a Área, así como xestión das concesións de carácter interurbano que atendan exclusivamente tráfico no ámbito da AMV.
- ▶ Ordenación e intervención administrativa nos servizos de **transporte marítimo** de persoas con orixe e destino nos municipios incluídos na AMV.
- ▶ Ordenación e intervención administrativa no **servizo de taxi** no ámbito territorial da AMV.

Medio Ambiente

- ▷ Protección do medio ambiente
- ▷ Loita contra o cambio climático
- ▷ Elaboración da Axenda 21 metropolitana
- ▷ Plan de Mobilidade Sostible
- ▷ Xestión dos espazos municipais supramunicipais
- ▷ Loita contra a contaminación acústica
- ▷ Medidas de promoción do aforro enerxético e emprego de enerxías renovables

Xestión de residuos

- ▷ Asumir a xestión da **recollida, transporte, valoración e eliminación** de todo tipo de residuos urbanos.
- ▷ Elaboración e aprobación do **Plan metropolitano de xestión de residuos**.

Augas

- ▷ A AMV asumirá a **xestión do ciclo completo da auga**:
 - **Abastecemento de auga en alta**: captación, alumeamento e encoro dos recursos hídricos e a súa xestión, así como o tratamento de potabilización.
 - **Subministración da auga en baixa**: subministración de auga potable ata as instalacións propias para o consumo por parte das persoas usuarias finais.
 - **Recollida de augas residuais** dos núcleos de poboación a través das redes municipais ata o punto de interceptación cos colectores xerais.
 - **Tratamento e depuración** de augas residuais urbanas.



Ordenación territorial e cooperación urbanística

- ▷ Créase a **Comisión de Ordenación do Territorio e Urbanismo** da AMV:
 - Adscrita á Consellería de MATI e con **21 membros**: 10 da AMV, 10 da Xunta de Galicia, e o conselleiro de MATI que a preside.

Importantes facultades:

- ▷ Aprobar o **Plan Territorial Integrado Metropolitano**
- ▷ Aprobar os **Plans e Proxectos Sectoriais de ámbito exclusivamente metropolitano**
- ▷ Aprobar os **PXOMs dos 14 concellos**



Coordinación nas TICs

- ▶ Elaboración dun **catálogo de prestacións e servizos *online*** común para toda a cidadanía da Área.
- ▶ Unificación de determinados **trámites administrativos a través da rede.**
- ▶ Promover e estender o **uso de Internet e das novas tecnoloxías** no ámbito de actuación da Área.
- ▶ **Centralizar e coordinar os servizos técnicos e informáticos**, na procura da redución de custos e a optimización de recursos.



A Facenda Metropolitana

► Mecanismo de financiamento:

- ▶ **As achegas económicas que acompañan aos traspasos de servizos** por parte das distintas administracións. O seu cálculo corresponde ás Comisións Mixtas de traspasos.
- ▶ **Unha cantidade fixa por habitante**, tal e como se viñan facendo na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. O seu cálculo corresponde á Asemblea Metropolitana.
- ▶ **Outros ingresos:** tributos propios polos servizos que pasa a prestar a Área (taxas, prezos públicos..), transferencias e subvencións non finalistas; operacións de crédito, multas e sancións...

A nova Área Metropolitana non suporá maior gasto para as arcas municipais nin para a facenda autonómica: trátase de redirixir liñas de gasto para conseguir aforros a través das economías de escala

O persoal da Área Metropolitana

- ▶ **O cadro de persoal da Área Metropolitana estará integrado polos empregados/as públicos/as procedentes das Administracións Públicas que traspasen os servizos.**
- ▶ **O persoal de novo ingreso terá carácter excepcional.**
- ▶ **A selección do persoal directivo esixe a maioría absoluta da Asemblea Metropolitana. O seu nomeamento corresponde ao Goberno metropolitano.**

A nova Lei artéllase baixo criterios de austeridade e non incremento do gasto público xa que non supón aumento de empregados públicos

O procedemento de traspaso de servizos

- O proxecto de lei regula polo miúdo o sistema de traspaso de servizos nas Disposicións adicionais 4ª, 5ª e 6ª:
1. O procedemento comeza coa creación das **Comisións Mixtas**: 3 membros da Xunta/Concello ou Deputación e 3 membros da Área Metropolitana.
 2. Estas comisións chegarán a **acordos** sobre o custo do servizo, os medios materiais e o persoal a traspasar.
 3. Estes **acordos** das Comisións deberán aprobarse, no Consello da Xunta ou no Pleno dos Concellos ou Deputación.
 4. A Asemblea Metropolitana deberá acordar ademais a recepción do servizo.

Os efectos xurídicos tras o traspaso dos servizos

- ▶ **A subrogación na titularidade de todas as concesións (D.A. 5ª), dos servizos públicos e todos os contratos administrativos formalizados que pasan a ser da Área Metropolitana de Vigo.**
- ▶ **Novidosa cláusula para evitar as duplicidades (D.A. 3ª): os concellos integrados na Área e a Deputación non poderán dotar créditos nos seus orzamentos naquelas competencias cuxos servizos fosen traspasados. A Xunta de Galicia e o resto de administracións que traspasen servizos á Área tampouco poderán executar gasto para o financiamento deses servizos transferidos.**
- ▶ **A administración que traspasa o servizo queda obrigada ao aboamento da achega acordada.**

En definitiva...

- ▶ **Tras unha década de tentativas a prol da Área, a Xunta oficializa un logro.** Coa aprobación do proxecto e a súa entrada no Parlamento, dáse un paso decisivo para expedir o certificado de nacemento institucional da Área Metropolitana de Vigo.
 - ▷ 14 concellos implicados, con medio millón de habitantes.
 - ▷ 9 esferas competenciais nas que construír economías de escala.
 - ▷ Ampla participación dos axentes económicos, sociais e políticos.
 - ▷ Garantías de viabilidade técnica e económica.
 - ▷ Máxima prevalencia da autonomía local.
- ▶ **Vigo e os concellos limítrofes teñen agora a oportunidade de inaugurar un novo modelo de organización territorial en Galicia, para mellorar a calidade e abaratar o custo dos servizos públicos.**
- ▶ **O proxecto é unha realidade. Chegou á hora de convertelo en Lei e nun éxito compartido sobre o territorio, co protagonismo dos Concellos.**